



**Álvaro Louro**  
Director  
Fisegvi



// Sector  
Consultoría



// Localización  
A Coruña



// Ano de constitución  
2015



// N<sup>o</sup> empregados  
+3

## // Descrición da empresa

Fisegvi é unha peme dedicada a varias áreas arredor da seguridade viaria, como son a formación (escola de condución, formación en PRL...), a consultoría e a I+D+i.

Dentro da área de consultoría, que ten a súa sede na Coruña, contan cun gabinete xurídico relacionado coa investigación dos accidentes de tráfico. A área de I+D+i ofrece solucións técnicas relacionadas con estes sinistros e a súa investigación, así como solucións técnicas de xestión de tráfico.

*"O servizo Re-acciona supuxo a incorporación dunha tecnoloxía, que nos permitiu mellorar os nosos procedementos e métodos de traballo"*

Álvaro Louro. Director de Fisegvi

## // Descrición do proxecto

A empresa Fisegvi traballaba cun métodos e unha tecnoloxía anticuada, polo que detectaron a necesidade de solicitar o servizo de aplicacións de solucións en mobilidade para resolver este problema técnico.

O proxecto comezou coa realización dun estudo da empresa para determinar as posibilidades de adaptar algunha das tecnoloxías desenvolvidas polo axente colaborador aos seus procesos.

Tras esta análise inicial, e a través de diferentes reunións, deseñouse a adaptación da devandita tecnoloxía aos métodos e procedementos de Fisegvi, co obxectivo de lograr unha ferramenta que conseguise un aumento na eficiencia dos métodos de traballo existentes e unha mellora na calidade do servizo.





## // O resultado

Grazas ao estudo inicial e ás posteriores reunións, sempre co acompañamento do axente colaborador, Fisegvi puido determinar que tecnoloxías podían introducir na súa metodoloxía de traballo. Deste xeito, lograron a realización dun plan que resolvía o seu problema técnico.

Como resultado da adaptación de novas tecnoloxías aos seus procesos, esta peme obtivo dous beneficios principais: por unha parte, o acceso a unha tecnoloxía á que non podería acceder por cuestións financeiras e técnicas e, por outra, a mellora dos seus procedementos e metodoloxía de traballo grazas á introdución destas na empresa. Como consecuencia disto, facilitouse o labor do persoal e conseguiuse un servizo de maior calidade, polo que se incrementou a eficiencia da produción.

*“Este programa deunos a oportunidade de acceder a unha tecnoloxía que non tiñamos acceso por nós mesmos”*

Álvaro Louro  
Director de Fisegvi



// Web  
<http://www.fisegvi.com>



// Vídeo  
Ver video

## Re-acciona

Programa para a mellora da competitividade das pemes galegas posto en marcha polo Igape e que conta coa cofinanciación da Unión Europea a través do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.